

CAPÍTULO 3
DÓEME TODO

O luns pola mañá levanteime cedo para ir ó colexio, coma tódolos luns. Nada máis erguerme fun ó cuarto de baño e ducheime. Mentras me vestía, oín a mamá que me berraba:

- **María, apura. Vas chegar tarde ó colexio.**
- **Xa vou, mamá.**


Tomei o almorzo rápidamente e fun correndo a lava-los dentes.


- **Marcho, mamá.**

Dinlle un bico á miña nai e fun hacia a casa de Javiera para chamala e marchar, xa que ela e eu iamos andando xuntas ó colexio.

Cando cheguei a súa casa timbrei e abriume a porta seu pai:

- **Bos días María.**



- 
- The illustration shows a child with blonde hair, wearing a red and orange checkered shirt, sitting at a green desk in a classroom. The child is looking thoughtful, with a thought bubble above their head showing a purple apple. In the background, there is a green chalkboard, a picture of a cow, and a purple board with multiplication tables. The room has orange walls and a tiled floor.
- **Bos días - dicen eu- Está Javiera lista? Se non apura chegaremos tarde ó colexio.**
 - **Ela hoxe non vai a ir. Está enferma – dixo o pai de Javiera.**
 - **Enferma? Qué lle ocorre?**
 - **Non te preocupes, só é un catarro, adeus.**
 - **Adeus.**

Estiven todo o día no colexio pensando cando sería a hora de saír para ver como se atopaba a miña amiga.

Por fin soou o timbre. Apurei todo o que puiden para cegar canto antes á casa.

- **Ola mamá, xa estou aquí – dicen ó entrar-.**
- **Ola María, que cedo chegas hoxe. Séntate para merendar.**

Púxenme a comer moi a presa.

- como máis amodo, María, que logo vaiche doer a barriga- rifoume mamá-.
- é que Javiera está enferma e quero ir a vela.
- Enferma? Que lle pasa?
- Só é un catarro. Iso foi o que me dixo seu pai pero.....
- Tranquila. Despois de que fagas os deberes, iremos as dúas a vela.

Ás seis da tarde, eu mamá fomos á casa de Javiera. Eu ía moi nerviosa: “qué tal estaría? Tería moita dor? Javiera era a miña mellor amiga e non quería que lle pasase nada.

Cando chegamos á súa casa, súa nai díxome que fose á súa habitación. Chamei á porta e entrei. Alí estaba ela, coa cara pálida tirada na cama. Corríñ hacia ela e abraceina:

- estás ben?
- Non, dóeme todo o corpo. Papá levoume ó médico pola mañá. Era unha señora moi simpática. Miroume a gorxa cun pauciño, escoitoume o corazón e cun aparatito con luz miroume os oídos tamén.



- Doíuche?
- Non, no me doíu. Ademais regaloume unha piruleta.
- Que sorte!!!! – díxenlle eu-. E que é o que che pasa?
- Unha gripe – dixo Javiera- doume unhas pímulas e un jarabe con sabor a fresa.
- Jajaja jarabe non, dise xarope – correxinna eu-.

Javiera aínda se equivocaba ás veces con algunha palabra, pero cada día falaba mellor o galego. Pasei un bo anaco da tarde facéndolle compañía. Ela non tiña moitas ganas de falar, pero eu falaba polas dúas. Conteille todo o que acontecera no colexio: a peleas de Xoán e Uxía, o conto que lemos, que gañar xogando á mariola no recreo, etc. Estiven falando e falando ata que mamá me veu buscar:

- María, temos que marchar. É hora de face-la cea. ¿Qué tal estás Javiera?**
- Mal, dóeme ata o cabelo.**
- Ata mañá Javiera. Ponte boa, porque te boto moito de menos, o colexio sen ti non é o mesmo, non é tan divertido.**

Dinlle unha aperta e un bico e marchei con mamá para casa.